

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 23/05/2025**

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Javier Tourís Romero
VOGAIS:	D. Jorge Cubela López
	D ^a . Belén Cachafeiro Anta, en substitución de D ^a . Luisa María Sánchez Méndez
	D. Rafael Domínguez Artime
	D. Ricardo Martínez Chantada
	D. Jesús Vázquez Almuíña
	D ^a . María Pilar Ramallo Vázquez
	D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
	D ^a . María Nava Castro Domínguez
	D ^a . Digna Rosa Rivas Gómez
	D. Javier Iglesias Mougán
	D. Paco Ferreira González
	D. Gregorio Luis Agís Gómez
	D ^a . Nuria Rodríguez Rodríguez
	D. Gorka Gómez Díaz
	D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en substitución de D ^a . Beatriz Lomba Rodríguez
	D ^a . María Ortega Iñarrea, en substitución de D ^a . María Manuela Rodríguez Pumar

Sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e tres de maio do ano dous mil vinte e cinco, reúnen no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretario o técnico de administración xeral do Servizo de Cooperación, D. Marcos Areán González.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (expte. 2025022941)

Apróbase a acta da sesión anterior (CSV: 82SNJZ3X9Y2N9T8P), correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte e un de abril do ano dous mil vinte e cinco co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2.- DAR CONTA DO COMEZO DA CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN INFANTIL DO PROXECTO +RÍAS (EXPTE.: 2024003061)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

“DAR CONTA DO COMEZO DA CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN INFANTIL DO PROXECTO +RÍAS

O proxecto +Rías (A importancia da sostibilidade ambiental e socioeconómica das Rías Baixas como motor da economía azul na contorna de Rede Natura 2000) ten como obxectivo xeral aumentar, a través dun enfoque integrador e participativo, a sensibilización ambiental e fomentar a conciencia ecolóxica entre as e os profesionais do mar, a poboación infantil e a sociedade en xeral con respecto aos impactos da actividade do ser humano no medio costeiro e mariño, así como transmitir a importancia da protección e conservación da biodiversidade e os ecosistemas mariños e, en particular, en espazos protexidos, poñendo en valor os produtos do mar locais e sostibles.

Para iso, abarcaranse temas clave como lixos mariños, contaminación, explotación sostible de recursos mariños vivos, protección de biodiversidade mariña e espazos Rede Natura 2000, especies alóctonas/exóticas invasoras, biotoxinas e impactos do cambio climático, así como a perspectiva de xénero na economía azul, concretamente no marisqueo das Rías Baixas pontevedresas.

A campaña de sensibilización pretende estimular á poboación infantil de centros escolares de educación primaria sobre as Rías Baixas, a importancia da conservación dos recursos



mariños e o estado medioambiental da natureza, centrándose en zonas de marisqueo, coa participación activa do sector pesqueiro/marisqueiro.

A campaña consiste en:

1. Obradoiro de sensibilización ambiental

- Aprendizaxe a través do xogo: obradoiro de sensibilización no centro educativo, de 90 minutos de duración, no que se presentará o conto “Aprendendo a coidar o mar” e o xogo interactivo “+Rías”, cuxo obxectivo é concienciar desde como se extraen os recursos alimenticios do mar de forma sostible ata como chegan ás nosas casas, aprendendo conceptos sobre a sostibilidade, protección medioambiental, perigos ambientais ou pautas de comportamento entre outros.
- Aprendizaxe a través da experiencia: as e os nenos trasladaranse ás rías onde as mariscadoras e mariscadores levaran a cabo unha visita guiada cunha duración de 2 horas.

Os obradoiros desenvolveráanse en 9 centros escolares de educación primaria, 3 por ría (Arousa, Pontevedra e Vigo), comezando o 12 de maio e finalizando o 9 de xuño do presente ano.

2. Concurso de debuxo

O tema central do concurso é a biodiversidade e a pesca e o marisqueo sostibles nas rías de Pontevedra, abarcando aspetos como os lixos mariños, contaminación, explotación sostible de recursos mariños (pesca e marisqueo artesanal), protección da biodiversidade mariña e os espazos Rede Natura 2000.

No concurso poderán participar os nenos e nenas que formaran parte dos obradoiros, e entre todos os debuxos presentados o xurado elixirá 3 gañadores, que recibirán uns premios que serán entregados nun acto público.

A XEFA DO SERVIZO

Asdo.: Concepción López Paz”

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido “ut supra”.



3.- DAR CONTA DA REUNIÓN DE SEGUIMENTO DO COMITÉ DO PROXECTO BEAP-MAR, DENTRO DO PROGRAMA INTERREG ATLANTIC AREA 2021-2027 (EXPTE.: 2023007187)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

“DAR CONTA DA REUNIÓN DE SEGUIMENTO DO COMITÉ TÉCNICO DO PROXECTO BEAPMAR, DENTRO DO PROGRAMA INTERREG ATLANTIC AREA 2021-2027. EXPEDIENTE 2023007187

Con data 24 de abril, celebrouse unha reunión telemática, dentro do proxecto BEAP-MAR, co obxectivo de informar do progreso do proxecto. Nesta reunión participaron membros de todas as institucións que participan no proxecto: Universidade de Santiago de Compostela e Estación Fitopatolóxica Areeiro de España; Instituto Politécnico de Leiria e Universidade do Algarve, de Portugal; National University of Ireland e Innovation & Management Centre CLG T/A WestBIC, de Irlanda; y French Alternative Energies and Atomic Energy Commission e French Agency for Food, Environmental and Occupational Health & Safety, de Francia.

Durante a reunión, informouse da finalización da tramitación de todos os informes de progreso correspondentes, e estableceuse a data do próximo informe para o mes de xuño, co fin de garantir a súa correcta revisión e tramitación.

Tamén recordouse aos socios participantes a obriga de realizar actividades para dar visibilidade ao proxecto, e instouse ós socios a intensificar a publicación de resultados, fomentar unha maior interacción en LinkedIn e aumentar a participación nos foros da comunidade, co fin de alcanzar os obxectivos de visibilidade establecidos polo programa Interreg.

Os resultados obtidos nas análises realizadas en cada un dos centros membros deben enviarse á Universidade de Galway para a súa inclusión na base de datos que se presentará ao remate do proxecto.

No mes de maio publicarase a terceira edición da newsletter do proxecto.



Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica

María Pilar Vela Fernández”

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido “ut supra”.

**4.- DAR CONTA DO RECOÑECIMENTO DAS VISITAS GUIADAS Á FINCA AREEIRO
COMO DESTINO DE CALIDADE NO MARCO DO SISTEMA INTEGRAL DE CALIDADE
TURÍSTICA EN DESTINOS (SICTED) (EXPTE.: 2024069575)**

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

“DAR CONTA DO RECOÑECIMENTO DAS VISITAS GUIADAS A FINCA AREEIRO
COMO DESTINO DE CALIDADE NO MARCO DO SISTEMA INTEGRAL DE CALIDADE
TURISTICA EN DESTINOS (SICTED). EXPEDIENTE 2024069575

Con data 29 de abril, celebrouse no Pazo da Toxeiriña, en Moraña, a Gala de Turismo Rías Baixas 2025, na que se entregaron os diplomas de recoñecemento ao compromiso para a mellora continua da calidade (Compromiso de Calidade Turística), no marco do Sistema Integral de Calidade Turística en Destinos (SICTED). A Finca Areeiro recibiu o seu recoñecemento polas visitas guiadas que se realizan nela.

O Sistema Integral de Calidade Turística Española en Destinos (SICTED), é un programa desenvolvido pola Secretaría de Estado de Turismo, que ten como finalidade a xestión integral e permanente da calidade nun destino turístico. O obxectivo principal é lograr un nivel de calidade homoxéneo nos servizos ofrecidos dentro dese destino. A metodoloxía SICTED baséase na implantación dos Manuais de Boas Prácticas SICTED por parte dos servizos turísticos do destino. Os manuais marcan uns requisitos mínimos que deben cumprir todos aqueles que queiran obter a distinción.

A Deputación de Pontevedra participa activamente dende hai anos coa implantación do SICTED na súa provincia co Destino Rías Baixas, ofrecendo ás empresas e servizos turísticos participantes un proxecto de asesoramento e formación continua que se



complementa coa análise de cumprimento dos estándares de calidade requiridos, así como da proposta de posibles melloras para a obtención, de modo totalmente gratuito, do distintivo Compromiso de Calidade.

A Finca Areeiro conta, dende o ano 2021, cun servizo de visitas polos seus xardíns, que ten sentido didáctico e formativo, realizado por un guía especializado e formado polo persoal do centro, para divulgar as tarefas que se realizan no Servizo Estación Fitopatolóxica Areeiro. Dentro do SICTED, a Finca Areeiro está encadrada na categoría de Museos e centros de interese turístico visitable.

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica

María Pilar Vela Fernández"

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido "ut supra".

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e quince minutos, do que, como secretario, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O secretario da Comisión,

(documento asinado electronicamente)

Marcos Areán González

